



ANPA A Ferradura- CEIP PIO XII

R. Poza de Bar, s/n

15706 - Santiago de Compostela

Tfno...: 881.866.457-  
699.973.596

**NIF: G15310667**

Diante das obras que o Concello está a desenvolver na avenida de Antonio Raimundo Ibáñez, a asociación de Pais e Nais do CEIP Pio XII 'A Ferradura' quere deixar constancia do seu total desacordo coa xestión realizada pola administración local ao xerar un problema na mobilidade cotiá da contorna do centro escolar nas horas de acceso do alumnado. A postura do goberno local manifesta unha total falta de sensibilidade polas formas en que se ten xestionado esta situación, cunha nula comunicación co colectivo afectado, xerando un problema ata agora inexistente e propicia un clima moi lonxe da necesaria boa convivencia que figura na denominación da concellaría responsable.

As obras iniciadas esta mesma semana impiden a utilización de preto de medio centenar de prazas que ata agora se viñan utilizando a modo de aparcadoiro disuasorio nas horas de entrada e saída de escolares. A alternativa proposta polo concello -acceso gratuíto ao aparcamento no párking A Catedral- non é unha alternativa razoable por non compensar o servizo que actualmente presta o aparcadoiro disuasorio aos pais e nais que a diario se teñen que desprazar a esta zona da cidade. A negativa do concello a manter o actual emprazamento das prazas de aparcamento contrasta coa proposta de utilización que se vai facer no futuro deste mesmo espazo como aparcadoiro universitario.

No seu día, o anterior goberno local propuxera como medida alternativa a posibilidade de utilizar a avenida das Burgas e a de Compostela (tanto no sentido de subida como no de baixada) como zona de estacionamento puntual nos horarios de acceso ao colexio e recollida de escolares. Resulta un emprazamento que dada a proximidade física achega maior idoneidade e permite atender as particularidades das persoas usuarias, con especial atención a aqueles de menor idade dende 2-3 anos.

Estas cuestións serán abordadas proximamente nunha asemblea da asociación. De persistir a negativa do goberno actual a dialogar e negociar propostas razoables, esta asociación valorará acometer as medidas oportunas de presión necesarias para defender unha agresión inxustificada por parte do concelleiro Xan Duro. Se ben o concello non ten obriga de ofrecernos prazas de aparcamento, debería ser quen de ter sensibilidade para achegar solucións e respostas á cidadanía ante situacións concretas, máis se cabe cando se trata da atención á comunidade educativa, á conciliación familiar, a convivencia e a mobilidade na cidade.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023